

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6225 *Corrección de erros do Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego.*

Advertidos erros na publicación do Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 89, do 13 de abril de 2010, procédese a efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 15, na condición 3.^a do número 7 do artigo 22 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, onde di: «3.^a Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto sobre o valor engadido excluído, sexa superior a 300 euros.», debe dicir: «3.^a Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto xeral indirecto canario excluído, sexa superior a 300 euros.».

Na páxina 16, no primeiro parágrafo do número 8 do citado artigo 22, da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, onde di: «En relación cos supostos de modificación da base imponible comprendidos no número 6 anterior, aplicaranse as seguintes regras:», debe dicir: «En relación cos supostos de modificación da base imponible comprendidos nos números 6 e 7 anteriores, aplicaranse as seguintes regras:».